

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	MONTERREI
<b>Edificio</b>	Castelo de Monterrei
<b>Dirección</b>	Rúa do Castelo, s/n. 32619
	41.947011 -7.449385
<b>Protección</b>	

O castelo de Monterrei é unha fortaleza-pazo situada na parroquia de Santa María, situado nun outeiro que domina o val do río Támega, na confluencia das estradas que unen Pobo de Sanabria e Ourense e a uns 28 km de Chaves (Portugal). É unha das fortalezas mellor conservadas de Galicia.

A fortaleza está situada sobre os restos do Castro de Baronceli, asentamento celta no que viviu o pobo Tamagano ata a dominación romana. A poboación aparece mencionada en documentos do século X como parte das propiedades do Conde Menéndez Gutiérrez, pai de San Rosendo. Sería reconstruída no século XII por Alfonso Henriques, neto do rei Alfonso VI, que en 1139 sería coroado como primeiro rei de Portugal. Coa firma do Tratado de Tui en 1137, renunciara ás súas posesións en Galicia.

Durante o reinado de Sancho IV organizouse un plan militar para defender a parte meridional de Galicia, por ser esta, estratéxica para protexer as terras zamoranas. Ideouse unha liña defensiva, da que Monterrei encumbrouse como a fortaleza máis importante neste momento, o castro de Baronceli cambiou a súa denominación pola de Monterrei, por ser de dominio real. Pasando a súa potestade, posteriormente, a varias poderosas liñaxes como os Ulloa, os Zúñiga, os Viedma, os Fonseca, os Acevedo ou os Duques de Alba.

En 1366 o castelo obtivo importancia ao reunir a conselleiros no forte, onde Pedro I o Cruel estivo refuxiado unha parte da guerra civil que lle enfrentou ao seu medio irmán Enrique de Trastámara. Cando a guerra civil conclúe, o novo rei, xa Enrique II concédelle o dominio de Monterrei.

Anos máis tarde, o rei Juan I de Castela concedeu os dereitos sobre o castelo, mediante matrimonio, a don Diego López de Zúñiga. O seu fillo levou o título de vizconde de Monterrei, e despois os Reis Católicos, Fernando e Isabel, concedéronlle o título de primeiro Conde de Monterrei a Sancho Sánchez de Ulloa e Monterroso, que herdará o seu patrimonio en 1461 despois de pleitear durante case vinte anos con Francisco de Zúñiga. En 1506 entrevístanse neste lugar Felipe o Fermoso e o Cardeal Cisneros.

Na idade moderna foron construídas baixo a dirección dos enxeñeiros da Coroa, Juan de Villarreal e Carlos de Grunemberg, dous recintos auxiliares amurallados que defendían os existentes conventos dos franciscanos e dos xesuítas. En 1510 tornou a mans da realeza ata que Fernando o Católico expéndeala ao arcebispo Alonso de Fonseca.

No século XVII polo conflito con Portugal na Guerra de Sucesión, modernízanse as defensas e constrúese a Atalaia, unha pequena torre baluarte, da que tan só se conservan algúns restos dos seus muros. Distante uns mil metros, foi construído para protexer a parte débil da fortaleza, asentada no Monte de San Salvador, este reaxuste complétase en 1711.

Durante a Guerra da Independencia Española, en xaneiro de 1809, o Marqués da Romana converte a Monterrei no cuartel xeral do Exército de Galicia, ata que o mariscal Soult tomou a fortaleza. A finais do século XVIII trasladouse a Monterrei un rexemento militar e foi aquí cando comezou a decadencia do castelo.

Aquí instalouse a primeira imprenta de toda Galicia, xa a finais do século XV, onde se imprimiu o famoso Misal Auriense. Trátase do máis antigo libro impreso en Galicia e do que tan só se conservaron dous exemplares, un en pergamiño, custodiado no Arquivo da Catedral de Ourense e o outro en papel, na Biblioteca Nacional de España. A vida cultural desta pequena corte nobiliaria, tivo a súa importancia, mesmo polo ensino da gramática, as artes e a teoloxía.

<b>Campás</b>	1 campá.
<b>Fotos</b>	1
<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autors da documentación</b>	web.turismourense.com
<b>Data</b>	03-01-2025

## Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre da Homenaxe	<a href="#">Única.</a>	<a href="#">PÉREZ, AGUSTÍN</a>	1813		

Información completa: [Castelo de Monterrei - MONTERREI \(GALICIA\)](#)

PDF (17-05-2026)